

ACOITELADO NA ESPERA

Na posguerra formouse en Madrid o Grupo Brais Pinto e nel conviviron autores esenciais con outros, como Alexandre Criebeiro, que pasaron desapercibidos. Xusto é que agora -gracias a edicións como a que Miro Villar nos ofrece de *Indo pra máis perto/ A seña dade no puño*- vaian ocupando o lugar que se lles negou. Malia ser un poeta de pouca obra, Criebeiro amósase como unha voz comprometida co seu tempo, que devén existencial ás veces ou deriva cara o tema amoroso e que agora, con este volume, deixa de estar “*acoitelado na espera*” para volver á actualidade. T.S.

Tempos Novos, 88, setembro 2004, p. 73